

**LUÍS TEIRA PARADA**, Concelleiro do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte solicitude ante o Pleno e ante o Alcalde en relación coa eliminación de barreiras arquitectónicas na Avenida de A Coruña.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Avenida da Coruña é unha das principais vías de acceso ao casco urbano de Ribeira. Asemade as súas beirarrúas dan servizo a unha multitude de veciños e veciñas que viven nesta extensa avenida. Indicar que esta tamén é unha das vías que une o centro urbano coa praia de Coroso.

É polo tanto unha avenida moi transitada á cal, o noso concello debería prestar especial atención.

Lamentable é que esta avenida que podería ser un dos *escaparates* que pode ter o noso concello teña unha serie de barreiras arquitectónicas que imposibilitan a axeitada circulación de peóns polas beirarrúas. Moitas veces estes vense obrigados a deixar a beirarrúa para ter que ir pola estrada, máxime se estes peóns teñen mobilidade reducida e van en cadeira de rodas ou se simplemente pasan cun carriño dun bebé. Co cal supón un serio risco para a seguridade vial.

Sirvan como exemplo as dúas imaxes que están inseridas nesta iniciativa.



*Imposible pasar cun carriño ou cadeira de rodas sen pasar pola calzada por onde circulan os vehículos. Estas barreiras serían facilmente eliminables polo concello: nun caso eliminando a xardineira e trasladando a árbore uns metros e noutro eliminando o formigón sobrannte na base da marquesiña*

Ante esto o grupo municipal do BNG de Ribeira

#### SOLICITA:

1º Que o concello de Ribeira que **faça unha intervención eliminando as barreiras arquitectónicas da Avenida da Coruña**.

2º Que o concello de Ribeira **elimine de xeito urxente aquelas que “obrigan” a meterse ao vial por onde circulan os vehículos**.

Ribeira, 15 de Xullo de 2009



Asdo.: Luís Teira Parada

Concelleiro do BNG de Ribeira